

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA  
PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO NEURAL DO  
CONCELLO DO PORRIÑO.**

*Aprobación: 31/01/08 - B.O.P. : 03/04/08*

**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E OBXECTO.**

De conformidade co establecido nos artigos 127 e 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, o Concello do Porriño establece o prezo público por prestación de servizos do Centro Neural.

**ARTIGO 2.- SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO.**

Estarán obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, quen inste a prestación ou resulte beneficiado polos servizos que se concretan no artigo 4 desta Ordenanza.

**ARTIGO 3.- OBRIGA DE PAGO.**

A obriga de pagar o prezo público nace desde que se inicia a prestación do servizo ou a realización da actividade, se ben poderase esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial.

Cando por causas non imputables ó obrigado o pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenrole, procederá a devolución do importe correspondente.

**ARTIGO 4.- SERVIZOS GRAVADOS**

- A) Fotocopias
- B) Impresións
- C) FAX
- D) Scanner
- E) Plotter
- F) Utilización de ordenadores portátiles
- G) Canón
- H) Utilización da sala de reunións
- I) Utilización da sala de usos múltiples.

## **ARTIGO 5.- TARIFAS**

1.- A contía do Prezo Público determinarase aplicando as tarifas seguintes:

- A) Fotocopias
  - Branco e negro: 0,10 €
  - A cor: 0,20 €
- B) Impresións:
  - Branco e negro: 0,10 €
  - A cor: 0,20 €
- C) FAX
  - Por folla enviada: 0,50 €
- D) Scanner
  - Por cada imaxe (documento textual ou visual) escaneada: 0,50 €
- E) Plotter
  - Por metro lineal de plazo; 12,00 €
- F) Utilización de ordenadores portátiles.
  - Por hora: 5,00
- G) Canón:
  - Por hora; 5,00 €
- H) Utilización da sala de reunións.
  - Media xornada 50,00 €
  - Xornada completa: 100,00 €
- I) Utilización da sala de usos múltiples.
  - Media xornada: 90,00 €
  - Xornada completa: 180,00 €

2.- O Concello reservase a posibilidade de asinar convenios coas entidades sen ánimo de lucro e outras entidades, polos que se ceda gratuitamente a utilización da sala de reunións e da sala de usos múltiples para o desenvolvemento de actividades de interés público, social, benéfico ou cultural.

## **ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTION..**

Calquera persoa que requira a prestación dos servizo recollidos nesta Ordenanza deberá cubrir as fichas requeridas polo persoal do Centro Neural de acordo cos modelos recollidos da Ordenanza reguladora do funcionamento do Centro Neural do Concello do Porriño

O pago do prezo esixirase en depósito previo en todos aqueles casos nos que non sexa posible realizar unha avaliación previa do traballo a realizar, depósito que será posteriormente aplicado ó importe que resulte unha vez prestado o servizo. Nos demais supostos, esixirase o abono do prezo que resulte da aplicación das tarifas, antes de proceder á entrega do traballo.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 31 de outubro de 2007, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de 31 de xaneiro de 2008. Este prezo público entrará en vigor e aplicarase o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Porriño, 25 de febreiro de 2008  
O ALCALDE,

Asdo. Raul Francés Rodríguez.